

**REAL DECRETO 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**

(Publicado no BOE do 14 de xullo de 2006)

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece na súa disposición adicional primeira que o Goberno, logo de consultar coas comunidades autónomas, aprobará o seu calendario de aplicación. Segundo a disposición citada, o devandito calendario terá un ámbito temporal de cinco anos a partir da entrada en vigor da Lei e nel establecerase a implantación dos currículos das ensinanzas correspondentes. Para iso, o calendario inclúe, así mesmo, a extinción gradual dos plans de estudos en vigor e a equivalencia dos títulos académicos.

O calendario concede prioridade á implantación das etapas educativas que constitúen a educación básica (educación primaria e educación secundaria obrigatoria) e ás medidas consideradas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para mellorar os resultados nestas etapas educativas, reducir o fracaso escolar e promover a equidade do sistema. Coa mesma finalidade, o calendario inclúe unha razoable marxe de flexibilidade para que as Administracións educativas anticipen a implantación do primeiro ciclo da educación infantil e os programas de cualificación profesional inicial. Así mesmo o calendario vincula á ordenación académica das novas ensinanzas a implantación das previsións da Lei en materia de avaliación, promoción e obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria e anticipa os requisitos para a incorporación do alumnado aos programas de diversificación curricular.

O calendario ten por obxecto, finalmente, proporcionar aos diferentes sectores da comunidade escolar unha referencia clara sobre a que orientar as súas expectativas e planificar a súa xestión no horizonte temporal de cinco anos no que se formula.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiu ditame o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da Ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 30 de xuño de 2006,

DISPOÑO

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 1. Obxecto.

O calendario de aplicación da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que terá un ámbito temporal de cinco anos, rexerese polo disposto neste real decreto.

Artigo 2. Ámbito.

A implantación das novas ensinanzas, a extinción gradual dos plans de **estudos** en vigor e a equivalencia, para os efectos académicos, das ensinanzas axustaranse ao calendario que establece este real decreto.

## CAPÍTULO II

### **Educación infantil**

Artigo 3. Ensinanzas mínimas e implantación.

1. Antes do 31 de decembro do ano 2006, o Goberno fixará as ensinanzas mínimas ás que se refire o artigo 6.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación en relación co segundo ciclo da educación infantil. Antes da data de implantación do primeiro ciclo da educación infantil e, en todo caso, antes do 31 de decembro do ano 2007, as Administracións educativas determinarán os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil de acordo co establecido no artigo 14.7 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

2. No ano académico 2008-2009, as Administracións educativas implantarán as ensinanzas correspondentes ao primeiro e segundo ciclo da educación infantil e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes ao primeiro e segundo ciclo da educación infantil definidas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo e as ensinanzas de preescolar definidas pola Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación, naqueles casos en que, conforme ao artigo 2.2 do Real Decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida na Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación, fosen implantadas anticipadamente polas Administracións educativas.

3. As Administracións educativas poderán anticipar ao ano académico 2007-2008 a implantación das ensinanzas correspondentes ao primeiro ciclo da educación infantil.

Artigo 4. Requisitos dos centros de primeiro ciclo de educación infantil.

Antes da data de implantación do primeiro ciclo da educación infantil e, en todo caso, antes do 31 de decembro do ano 2007, estableceranse os requisitos que deben cumprir os centros que atendan nenos menores de tres anos, de acordo co artigo 14.7 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

## CAPÍTULO III

### **Educación primaria**

Artigo 5. Ensinanzas mínimas e implantación.

1. Antes do 31 de decembro do ano 2006, quedarán fixadas as ensinanzas mínimas ás que se refire o artigo 6.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación en relación coa educación primaria.

2. No ano académico 2007-2008, implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes aos cursos 1.º e 2.º da educación primaria regulada pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes aos cursos 1.º e 2.º da

educación primaria regulada pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

3. No ano académico 2008-2009, implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes aos cursos 3.º e 4.º da educación primaria regulada pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes aos cursos 3.º e 4.º da educación primaria regulada pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

4. No ano académico 2009-2010, implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes aos cursos 5.º e 6.º da educación primaria regulada pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes aos cursos 5.º e 6.º da educación primaria regulada pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

Artigo 6. Informe de aprendizaxe.

1. A partir do ano académico 2009-2010, cada alumno disporá ao finalizar a educación primaria dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias básicas adquiridas, segundo dispoñan as Administracións educativas, de acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

2. Dende o ano académico 2006-2007 e ata o ano académico 2008-2009 inclusive, as Administracións educativas referirán o devandito informe á aprendizaxe e aos obxectivos alcanzados por cada alumno.

Artigo 7. Avaliación de diagnóstico.

A partir do ano académico 2008-2009 realizarase en todos os centros docentes unha avaliación de diagnóstico ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria, de acordo co que establezan as Administracións educativas. A devandita avaliación será relativa ás competencias básicas alcanzadas polos seus alumnos e terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

## CAPÍTULO IV

### **Educación secundaria obrigatoria**

Artigo 8. Ensinanzas mínimas e implantación.

1. Antes do 31 de decembro do ano 2006, quedarán fixadas as ensinanzas mínimas ás que se refire o artigo 6.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación en relación coa educación secundaria obrigatoria.

2. No ano académico 2007-2008 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes aos cursos 1.º e 3.º da educación secundaria obrigatoria reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes aos cursos 1.º e 3.º da educación secundaria obrigatoria reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

3. No ano académico 2008-2009 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes aos cursos 2.º e 4.º da educación secundaria obrigatoria reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes aos cursos 2.º e 4.º da educación secundaria obrigatoria reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

Artigo 9. Implantación da avaliación e promoción na educación secundaria obrigatoria.

1. A avaliación e promoción dos alumnos na educación secundaria obrigatoria reguladas no artigo 28 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación aplicaranse a partir do ano académico 2007-2008.

2. Ata o final do ano académico 2006-2007, a avaliación e promoción dos alumnos na educación secundaria obrigatoria realizarase de acordo co establecido nos artigos 13 e 15 do Real Decreto 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obrigatoria.

Artigo 10. Implantación dos requisitos de obtención do Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

1. Os requisitos para a obtención do Título de graduado en educación secundaria obrigatoria establecidos no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación aplicaranse a partir do ano académico 2007-2008.

2. Para os efectos do apartado anterior, e ata a implantación definitiva das ensinanzas da educación secundaria obrigatoria regulada pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, a mención ás competencias básicas e aos obxectivos da etapa entenderase referida só a estes últimos.

3. Ata o final do ano académico 2006-2007, os alumnos que ao rematar a educación secundaria obrigatoria alcanzasen os obxectivos da etapa obterán o título de graduado en educación secundaria obrigatoria nas condicións establecidas no artigo 18.2 e 3 do Real Decreto 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obrigatoria.

Artigo 11. Anticipación dos requisitos para realizar programas de diversificación curricular.

1. Ata o final do ano académico 2006-2007, os alumnos que cursasen o curso 2.º da educación secundaria obrigatoria, non estean en condicións de ascender a terceiro e repetisen xa unha vez nesta etapa educativa, poderán incorporarse a un programa de diversificación curricular.

2. Ata o final do ano académico 2006-2007, as diversificacións curriculares previstas na educación secundaria obrigatoria regulada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, realizaranse conforme ao previsto na regulación das ensinanzas da educación secundaria obrigatoria establecidas na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

Artigo 12. Programas de cualificación profesional inicial.

No ano académico 2008-2009 implantaranse os programas de cualificación profesional inicial e deixaranse de aplicar os programas de garantía social regulados na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. Non obstante, as Administracións educativas poderán anticipar ao ano académico 2007-2008 a implantación dos citados programas de cualificación profesional inicial.

#### Artigo 13. Avaliación de diagnóstico.

A partir do ano académico 2008-2009 realizarase en todos os centros docentes unha avaliación de diagnóstico ao finalizar o curso 2.º da educación secundaria obrigatoria, de acordo co que establezan as Administracións educativas. A devandita avaliación será relativa ás competencias básicas alcanzadas polos seus alumnos e terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa, de acordo co disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

#### Artigo 14. Equivalencias de títulos.

O título de graduado en educación secundaria establecido na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, será equivalente, para todos os efectos, ao título de graduado en educación secundaria obrigatoria establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

### CAPÍTULO V

#### **Bacharelato**

#### Artigo 15. Ensinanzas mínimas e implantación.

1. Antes do 31 de decembro do ano 2006, quedarán fixadas as ensinanzas mínimas ás que se refire o artigo 6.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación en relación co bacharelato, así como as modalidades, as materias específicas e o número destas que se cursarán nesta etapa educativa.

2. No ano académico 2008-2009 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes ao curso 1.º de bacharelato reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes ao curso 1.º de bacharelato reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

3. No ano académico 2009-2010 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes ao curso 2.º de bacharelato reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes ao curso 2.º de bacharelato reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

#### Artigo 16. Título de Bacharel.

O título de bacharel establecido na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo será equivalente, para todos os

efectos, ao título de bacharel establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

#### Artigo 17. Proba de acceso á universidade.

1. Antes de finalizar o ano académico 2006-2007, o Goberno establecerá as características básicas da proba de acceso á universidade, logo de consultar ás Comunidades Autónomas e logo do informe previo do Consello de Coordinación Universitaria e de Consello Escolar de Estado, en ámbito das súas competencias.

2. As Administracións educativas organizarán a proba de acceso á universidade establecida na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, a partir do ano académico 2009-2010 para os alumnos que cursasen as ensinanzas de bacharelato reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

3. A partir do 1 de xuño do ano 2007 poderán acceder á universidade, sen necesidade de realizar a proba de acceso, os alumnos procedentes de sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea e que subscribisen Acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, así como os alumnos procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea. En ambos os dous casos, os alumnos deberán cumprir os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades.

4. Ata o 30 de setembro do ano 2009, os alumnos que cursasen as ensinanzas de bacharelato reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, realizarán as probas de acceso á universidade conforme á normativa que fose de aplicación na data de entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, segundo establece a disposición transitoria undécima da devandita lei.

5. Ata o 30 de setembro do ano 2007, as probas de acceso para os alumnos que cursasen estudos estranxeiros homologados ao título de bacharel e que proveñan de sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea nin se subscribisen con eles Acordos internacionais en réxime de reciprocidade, rexeranse polo establecido na Orde do 12 de xuño de 1992, pola que se regulan as probas de aptitude para o acceso a Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Colexios Universitarios de alumnos con **estudos** estranxeiros convalidables, modificada pola Orde do 13 de maio de 1993 e a Orde do 4 de maio de 1994. A partir do ano académico 2007-2008 as probas de acceso á universidade para os devanditos alumnos rexeranse polo disposto no artigo 38 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

### CAPÍTULO VI

#### **Formación profesional**

#### Artigo 18. Currículos e implantación das titulacións.

1. Antes do 31 de decembro do ano 2006 quedará regulada a ordenación xeral da Formación Profesional no sistema educativo, de acordo co establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e de

conformidade co disposto na Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.

2. A implantación das titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional e dos respectivos novos currículos comezará no ano académico 2007-2008 e deberá completarse dentro do prazo de aplicación da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, sen prexuízo da súa actualización permanente de acordo coas esixencias do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional.

3. En tanto non se produza a implantación regulada no parágrafo anterior, seguirán vixentes as titulacións e os currículos derivados da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. Na regulación das titulacións e os aspectos básicos dos currículos respectivos incluíranse as correspondencias entre as novas ensinanzas e as ensinanzas que se extinguen.

Artigo 19. Probas de acceso.

As probas que organicen as Administracións educativas para acceder no ano académico 2007-2008 e seguintes ás ensinanzas de formación profesional rexeranse polo establecido no artigo 41 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

## CAPÍTULO VII

### **Ensinanzas artísticas**

Artigo 20. Implantación das ensinanzas elementais de música e danza.

1. No ano académico 2007-2008 implantaranse con carácter xeral as ensinanzas elementais de música e de danza. As Administracións educativas poderán anticipar a devandita implantación ao ano académico 2006-2007 e, en todo caso, regularán o proceso de substitución das ensinanzas vixentes ata ese momento.

2. As certificacións acreditativas do grao elemental de música e danza que se extinguen terán os mesmos efectos que os propios das certificacións que puidesen establecer as Administracións educativas para as novas ensinanzas elementais.

Artigo 21. Implantación das ensinanzas artísticas profesionais.

1. No ano académico 2007-2008 implantaranse os catro primeiros cursos das ensinanzas profesionais de música e de danza e quedarán extinguidos os dous primeiros ciclos das ensinanzas de grao medio vixentes ata ese momento.

2. No ano académico 2008-2009 implantaranse os cursos quinto e sexto das ensinanzas profesionais de música e de danza e quedará extinguido o terceiro ciclo das ensinanzas de grao medio vixentes ata o momento.

3. A implantación das ensinanzas profesionais de artes plásticas e de deseño de grao medio iniciárase no ano académico 2007-2008 e a das ensinanzas de grao superior no ano académico 2008-2009. A partir das devanditas datas deixarase de impartir o respectivo primeiro curso das ensinanzas vixentes ata o momento, realizándose progresivamente curso a curso a súa extinción. Non obstante o anterior, os alumnos que superasen

todos os cursos e teñan pendente a realización da obra final ou o proxecto final para a obtención do título correspondente, poderán finalizar o ciclo formativo conforme o plan de estudos iniciado, nos dous anos académicos seguintes á extinción do último curso.

4. A incorporación do alumnado procedente do sistema que se extingue aos diferentes cursos das ensinanzas artísticas profesionais reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, farase de acordo co cadro de equivalencias que se acompaña como Anexos I, II e III a este real decreto.

Artigo 22. Consello Superior de Ensinanzas Artísticas.

O Consello Superior de Ensinanzas Artísticas deberá estar constituído antes do 30 de abril do ano 2007.

Artigo 23. Estrutura e contidos dos estudos das ensinanzas artísticas superiores.

A estrutura e o contido básicos dos diferentes estudos de ensinanzas artísticas superiores, nos termos establecidos nos artigos 46 e 58 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, deberán estar definidos de maneira que a súa implantación progresiva se completase no prazo establecido na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

## CAPÍTULO VIII

### **Ensinanzas de idiomas**

Artigo 24. Implantación das ensinanzas de idiomas.

1. Antes do 31 de decembro do ano 2006, quedarán fixadas as ensinanzas mínimas das ensinanzas de idiomas así como os efectos dos certificados que se expidan.

2. No ano académico 2007-2008 implantarase con carácter xeral o nivel básico das ensinanzas de idiomas, coas características e a organización que as Administracións educativas determinen.

3. O nivel intermedio das ensinanzas de idiomas implantarase no ano académico 2007-2008 e o nivel avanzado no ano académico 2008-2009. A incorporación do alumnado procedente das ensinanzas que se extinguen ao novo sistema farase de acordo co cadro de equivalencias que estableza o real decreto que fixe as ensinanzas mínimas das ensinanzas de idiomas.

Artigo 25. Ensinanzas de idiomas durante o ano académico 2006-2007.

1. Durante o ano académico 2006-2007, as Administracións poderán impartir as ensinanzas reguladas no Real Decreto 423/2005, do 18 de abril, que fixa as ensinanzas comúns do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial e as reguladas no Real Decreto 1523/1989, do 1 de decembro, que establece os contidos mínimos do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas, e no Real Decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, que establece os contidos mínimos das ensinanzas especializadas das linguas españolas.

1. Así mesmo, as Administracións no ámbito das cales se estivesen a impartir durante o ano académico 2005-2006 ensinanzas do nivel básico

reguladas polo Real Decreto 423/2005, do 18 de abril, que fixa as ensinanzas comúns do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial poderán implantar no ano académico 2006-2007 un currículo provisional de ensinanzas de nivel intermedio que, no seu momento, deberá ser substituído polo que se estableza en aplicación da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

## CAPÍTULO IX

### **Ensinanzas deportivas**

Artigo 26. Ordenación xeral das ensinanzas deportivas.

Antes do 30 de abril do ano 2007, o Goberno regulará a ordenación xeral das ensinanzas deportivas, que substituirá a ordenación establecida no Real Decreto 1913/1997, do 19 de decembro, polo que se configuran como ensinanzas de réxime especial as conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos, e polo que se aproban as directrices xerais dos títulos e das correspondentes ensinanzas mínimas.

Artigo 27. Implantación das novas titulacións de ensinanzas deportivas.

1. Antes do 31 de decembro do ano 2007, o Goberno iniciará o establecemento das novas titulacións correspondentes aos estudos de ensinanzas deportivas, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha de elas e os requisitos mínimos dos centros nos que se impartan as ensinanzas respectivas.

2. A regulación das titulacións respectivas incluírá as correspondencias, para todos os efectos, entre as novas ensinanzas e as que se extinguen.

## CAPÍTULO X

### **Educación de persoas adultas**

Artigo 28. Probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

1. A partir do ano académico 2008-2009, as Administracións educativas, ao organizar as probas para que as persoas maiores de dezoito anos poidan obter directamente o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, referirán as devanditas probas, en todo caso, aos obxectivos e ás ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria regulada pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Ata o remate do ano académico 2007-2008, as Administracións educativas convocarán probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezoito anos, de acordo co sistema establecido no Real Decreto 135/2002, do 1 de febreiro, que establece as condicións básicas que rexen as probas previstas no artigo 52.3 a Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, para a obtención do título en graduado en Educación Secundaria para as persoas maiores de dezoito anos.

2. A partir do ano académico 2008-2009, as Administracións educativas, ao organizar as probas para que persoas maiores de vinte anos poidan obter directamente o título de bacharel, referirán as devanditas probas, en todo

caso, aos obxectivos e ás ensinanzas mínimas do bacharelato regulado pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

3. No caso das probas para a obtención de títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional, as Administracións educativas referirán as devanditas probas ás novas titulacións e currículos na medida na que estes se vaian implantando en función do previsto no artigo 18 deste real decreto.

Disposición adicional primeira. Certificado de Aptitude Pedagóxica.

As Administracións educativas poderán seguir organizando as ensinanzas conducentes ao Certificado de Aptitude Pedagóxica, que será equivalente á formación pedagóxica establecida no artigo 100.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ata tanto se regule para cada ensinanza.

Disposición adicional segunda. Acceso á universidade sen necesidade de realizar proba.

O Ministerio de Educación e Ciencia regulará coa suficiente antelación as condicións necesarias para aplicar o disposto no artigo 17 apartado 3 deste real decreto.

Disposición adicional terceira. Equivalencia da formación profesional específica e a formación profesional inicial.

A formación profesional específica de grao medio e de grao superior regulada pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo equivale, para todos os efectos, á formación profesional inicial de grao medio e de grao superior regulada pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Disposición adicional cuarta. Adaptación dos centros de primeiro ciclo de infantil aos novos requisitos.

Os centros que atendan a nenos menores de tres anos e que non estean autorizados como centros de educación infantil, ou o estean como centros de educación preescolar, disporán de tres anos para adaptarse aos requisitos que se establezan a partir da entrada en vigor da súa regulación específica.

Disposición adicional quinta. Promoción dun curso do sistema que se extingue a outro do novo sistema.

O Ministerio de Educación e Ciencia regulará as condicións de promoción dende un curso do sistema que se extingue a outro do novo sistema, cando aquel non fose superado na súa totalidade.

Disposición transitoria primeira. Vixencia do Real Decreto 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obrigatoria.

Ata o remate do ano académico 2006-2007, a avaliación, promoción e as condicións de obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria regularase polo establecido nos artigos 13, 15 e 18.2 e 3 do Real Decreto 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obrigatoria.

Disposición transitoria segunda. Modificación dos concertos.

1. Os concertos, convenios ou subvencións aplicables aos centros de educación preescolar e aos centros de educación infantil referiranse ás ensinanzas de primeiro ciclo de educación infantil e ás de segundo ciclo de educación infantil respectivamente a partir da data de implantación das devanditas ensinanzas.

2. Os concertos, convenios ou subvencións para os programas de garantía social referiranse a programas de cualificación profesional inicial a partir da data de implantación dos devanditos programas.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

Real Decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación.

Real Decreto 1318/2004, do 28 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 827/2003 polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación.

Real Decreto 829/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas comúns da Educación Infantil.

Real Decreto 830/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas comúns da Educación Primaria.

Real Decreto 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obligatoria, de acordo co establecido na disposición transitoria primeira deste real decreto.

Real Decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do Bacharelato.

Real Decreto 1741/2003, do 19 de decembro, polo que se regula a proba xeral de Bacharelato.

Real Decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, polo que se regula o Título de Especialización Didáctica.

Real Decreto 1538/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen as especialidades básicas de inspección educativa.

Real Decreto 1472/2004, do 18 de xuño, polo que se amplía o prazo establecido na disposición adicional segunda do Real Decreto 1538/2003 polo que se establecen as especialidades básicas de inspección educativa.

Igualmente, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición final primeira. Título competencial.

Este real decreto, que se dita ao amparo do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución Española, a disposición adicional primeira.2 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, en

virtude da habilitación que confire ao Goberno a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na súa disposición adicional primeira, ten carácter de norma básica.

Disposición final segunda. Habilitación para o desenvolvemento normativo.

Corresponde ao Ministerio de Educación e Ciencia, sen prexuízo do que dispoñan as Comunidades Autónomas no ámbito das súas competencias, ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición final terceira. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Dado en Madrid, o 30 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

A Ministra de Educación e Ciencia,

MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

#### ANEXO I

**Equivalencias, para os efectos académicos, das ensinanzas de música do Plan de Estudos regulado pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, coas correspondentes ao Plan de Estudos regulado pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**

| Plan de estudos regulado pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo |                                                                  | Plan de estudos<A[estudios estudios]> regulado pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1º Ciclo.                                                                                                    | 1º curso de grao medio de Música.                                | 1º curso das ensinanzas profesionais de Música.                                                     |
|                                                                                                              | 2º curso de grao medio de Música.                                | 2º curso das ensinanzas profesionais de Música.                                                     |
| 2º Ciclo.                                                                                                    | 3º curso de grao medio de Música.                                | 3º curso das ensinanzas profesionais de Música.                                                     |
|                                                                                                              | 4º curso de grao medio de Música.                                | 4º curso das ensinanzas profesionais de Música.                                                     |
| 3º Ciclo.                                                                                                    | 5º curso de grao medio de Música.                                | 5º curso das ensinanzas profesionais de Música.                                                     |
|                                                                                                              | 6º curso de grao medio de Música e título profesional de Música. | 6º curso das ensinanzas profesionais de Música e título profesional de Música.                      |

#### ANEXO II

**Equivalencias, para os efectos académicos, das ensinanzas de Danza do plan de estudos regulado pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, coas correspondentes ao plan de estudos regulado pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**

| Plan de estudos<A[estudios estudos]> regulado pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo |                                                                 | Plan de estudos<A[estudios estudos]> regulado pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                   |                                                                 |                                                                                                    |
| 1º Ciclo.                                                                                                                         | 1º curso de grao medio de Danza.                                | 1º curso das ensinanzas profesionais de Danza.                                                     |
|                                                                                                                                   | 2º curso de grao medio de Danza.                                | 2º curso das ensinanzas profesionais de Danza.                                                     |
| 2º Ciclo                                                                                                                          | 3º curso de grao medio de Danza.                                | 3º curso das ensinanzas profesionais de Danza.                                                     |
|                                                                                                                                   | 4º curso de grao medio de Danza.                                | 4º curso das ensinanzas profesionais de Danza.                                                     |
| 3º Ciclo.                                                                                                                         | 5º curso de grao medio de Danza.                                | 5º curso das ensinanzas profesionais de Danza.                                                     |
|                                                                                                                                   | 6º curso de grao medio de Danza e título profesional de Música. | 6º curso das ensinanzas profesionais de Danza e título profesional de Música.                      |

**ANEXO III**

**Equivalencias, para os efectos académicos, das ensinanzas dos ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño do plan de estudos regulado pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, coas ensinanzas profesionais de grao medio e grao superior de Artes Plásticas e Deseño correspondentes ao plan de estudos regulado pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**

| Plan de estudos<A[estudios estudos]> regulado pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo |  | Plan de estudos<A[estudios estudos]> regulado pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                   |  |                                                                                                                      |
| Ciclo formativo de grao medio dun ano de duración, obra final e título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño.                    |  | Ciclo formativo de grao medio dun ano de duración e título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño.                   |
| 1º curso dun ciclo formativo de grao medio de dous anos de duración.                                                              |  | 1º curso dun ciclo formativo de grao medio de dous anos de duración.                                                 |
| 2º curso dun ciclo formativo de grao medio de dous anos de duración, obra final e título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño.  |  | 2º curso dun ciclo formativo de grao medio de dous anos de duración e título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño. |
| 1º curso dun ciclo formativo de grao                                                                                              |  | 1º curso dun ciclo formativo de grao                                                                                 |

|                                                                                                                          |                                                                                                          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| superior                                                                                                                 | superior                                                                                                 |
| 2.º curso dun ciclo formativo de grao superior, proxecto final e título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño. | 2.º curso dun ciclo formativo de grao superior e título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño. |